

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### PONTEAREAS

#### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

#### *LIQUIDACIÓNS DE SERVIZOS MUNICIPAIS MES DE XANEIRO*

*Aprobación de liquidacións dos servizos: Axuda no fogar na modalidade municipal e dependencia, Residencia de maiores, Escola infantil, Conservatorio municipal Reveriano Soutullo, Escola de música Vila do Corpus, e Ludoteca, correspondente a xaneiro de 2018.*

#### EDICTO

Por Decreto de Alcaldía, de data 14/02/2018 e 20/02/2018 aprobáronse as liquidacións correspondentes ao mes de xaneiro para os seguintes servizos municipais: Axuda no fogar na modalidade municipal e dependencia, Residencia de maiores, Escola infantil, Conservatorio municipal Reveriano Soutullo, Escola de música Vila do Corpus, e Ludoteca, correspondente a xaneiro de 2018 por un importe total de 33,232,31 €.

Conforme o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria aplicable á facenda das entidades locais en aplicación do disposto no artigo 12 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da lei reguladora de facendas locais, quedan expostos ao público durante o prazo de 15 días para o seu exame e reclamación por parte das persoas interesadas. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Contra as débedas consignadas nos padróns contributivos e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- Reposición, perante a alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
- Contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se non o fose.
- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación, expónse o público o seguinte anuncio de cobranza:

*Prazo de ingreso:* o período voluntario de cobranza dos ingresos de dereito público indicados sera do 20 DO PRESENTE MES ata O 19 DO SEGUNDO MES POSTERIOR ou hábil posterior.



Luns, 5 de marzo de 2018

Núm. 45

*Lugar de ingreso:* para as débedas non domiciliadas, nas entidades bancarias colaboradoras (A Banca e Banco Popular), empregando o documento de ingreso (carta de pagamento) que se entregará a solicitude dó contribuínte no departamento de Rendas ou no propio Centro xestor. E mediante cargo en conta polos servizos económicos municipais para as domiciliacións autorizadas polo contribuínte.

No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ao pagamento poderá obter un duplicado nas Oficinas do departamento de Rendas municipal.

Os contribuíntes non domiciliados deberán solicitar o documento de ingreso na oficina indicada, e efectuar o pagamento debido, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento, e non impide a utilización da vía de constrinximento.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento de constrinximento, o devengo do recargo e demais conceptos exixibles tal e como se fixa no artigo 26 e 28 e 161 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

O Alcalde, asinado dixitalmente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación: A70Z4GH3JYIKNK2L

